

15 proxección universitaria

A presenza social da Universidade da Coruña mídese, en gran medida, polas actividades desenvolvidas desde a sección de Extensión Universitaria, constituída polas áreas de Deportes, Cultura e Cooperación e Voluntariado. As sociedades coruñesa e ferrolá asómanse á Universidade a través destas actividades, que van máis aló das demandas da comunidade universitaria para atenderen as esixencias dunha universidade pública como a nosa.

Hoxe pódese afirmar con orgullo que existe unha política cultural propia e diferenciada da Universidade da Coruña, algo que esta sociedade sabe valorar coa súa presenza e participación, ben sexa nos concertos que se celebran na Orde Terceira; nas aulas da Escola de Música, a onde tantos universitarios mandan os seus fillos; nos ciclos de cinema que ilustran parcelas descoidadas nas programacións comerciais; na formación teatral, que leva aos nosos estudantes a representarnos pola rede de universidades españolas e europeas; nas lecturas das aulas de letras e de prensa; nas exposicións do LERD ou, por citarmos un último exemplo, na resposta dos estudantes ás convocatorias anuais dos renacidos CampusRock. Trátase dunha oferta variada e, como tal, axustada día a día ás demandas da nosa comunidade, sen nos esquecermos de ofrecer propostas novidosas que abren novos camiños. E as perspectivas, se miramos ao futuro inmediato, son claramente optimistas, pois están sentadas as bases para nos dotar das infraestruturas que estas actividades merecen.

Tamén no terreo deportivo podemos estar orgullosos do papel que desenvolvemos. Aquí aparecen detalladas as numerosísimas competicións e actividades que se desenvolven dentro e fóra dos nosos campus. Máis importante aínda é a filosofía que as impregna: a de fomentar a participación desde a base de toda a comunidade universitaria nos valores asociados ao deporte, algo que cobre o apoio aos nosos mellores deportistas, mais sen esquecermos que, no noso terreo, o valor sobranceiro é o fomento da participación do maior número posible de universitarios e universitarias.

► **Aula de Letras**

Cadro 128
Actividades da Aula de Letras en 2006

Actividade	Tema
Seminario	Siro López: "O humor no Quixote"
Lectura e comentario	A obra de Teresa Moure
Día das Letras	Manuel Lugrís, grupo "Nordestinas" (Guadi Galego, Ugia Pedreira e Abe Rábade) e "Espidos" (Guadi Galego e Guillermo Fernández, de Berroqueto)
Conferencia	Antón Lopo: "Accións"

► **Aula de Cinema e Imaxe**

O labor da Aula de Cinema e Imaxe durante o ano 2006 centrouse en dous aspectos fundamentais: a divulgación da historia do cinema, a través da proxección de filmes organizados en ciclos ao longo do ano, e a organización de cursos. Os ciclos foron tres: Cineastas da Posmodernidade, A Homosexualidade no Cinema e Cinema Hispano.

Cadro 129
Cursos da Aula de Cinema e Imaxe en 2006

Curso	Campus
Curso de Historia do Cinema: as Vangardas históricas	A Coruña
O Cinema da Transición Política	A Coruña
Introdución ao Vídeo/arte e á Vídeo-creación	A Coruña-Ferrol

- Como complemento do labor formativo, os usuarios da Aula de Cinema dispoñen, desde este curso, dunha videoteca especializada, con acceso libre para a comunidade universitaria.
- A Aula de Cinema e Imaxe coorganizou unha nova edición da Semana da Ciencia e Tecnoloxía coa Facultade de Dereito da Coruña, que puxo en marcha o segundo Cinefórum sobre Dereito, Sociedade e Ciencia, en que se proxectaron oito filmes relativos a temas xurídicos.
- Realizouse o Seminario Cine + Guerra Civil, coorganizado co CGAI, que congregou durante tres días especialistas de universidades españolas e estranxeiras, doce en total, con historiadores como Román Gubern, Santos Zunzunegui ou Julio Pérez Perucha.
- Presentouse a o libro Historia(s) del cine español. La nueva memoria, da editorial Vía Láctea, coa presenza de dous dos seus autores, José Luis Castro e Jaime Pena, e cunha conferencia do catedrático de Comunicación Audiovisual da Universidade do País Vasco Santos Zunzunegui.

▶ Aula de Prensa

A Aula de Prensa trouxo en febreiro a conferencia *Eu informo, ti opinas: as mañás informativas en televisión*, con Montserrat Domínguez, de Antena 3. En marzo, "Retos actuais do xornalismo escrito", a cargo do xefe de peche de El País, José Ramón Ariño.

▶ Aula de Música

Concertos

- Co gallo da celebración de Santo Tomé de Aquino actuaron no Paraninfo a soprano Maite Bárbara e o pianista Julián Jesús Pérez cun programa que cubriu desde o barroco ata o século XX, con inclusión de dúas obras dos compositores galegos Andrés Gaos Berea e Juan Durán Alonso.
- O 2 e o 3 de xuño celebrouse o concerto de fin de curso, tanto na capela da Venerable Orde Terceira da Coruña como na concatedral de San Xiao de Ferrol, con participación do Coro Universitario de Coruña, do Coro de Cámara da Coruña, do Grupo de Cámara da UDC, da soprano Olga Raíces e do pianista José Manuel Yáñez.
- O 21 de decembro celebrouse o tradicional concerto de Nadal, na Orde Terceira, que serviu de presentación da Orquestra de Cámara da Universidade da Coruña, xunto o Coro de Cámara da Coruña, o Coro Universitario da Coruña e a soprano Maite Bárbara, todos eles baixo a dirección de Julián Jesús Pérez.

Cadro 130
Concertos didácticos na Coruña en 2006

Concerto	Conservatorio da Coruña	Cuartetos con piano de Mozart e Schumann	Piano Quartet
Concerto	Conservatorio da Coruña	O Barroco e o clasicismo na música para piano a catro mans	Genaro Fernández José Manuel Yáñez
Concerto	Conservatorio da Coruña	O século XX nos dúos para saxofón e piano	Alejandro Cabalar Laura Díaz
Conferencia	CUR da Coruña	A música de salón na Coruña do século XIX	Rosa M. Fernández

Cadro 131
Concertos didácticos en Ferrol en 2006

Concerto	Conservatorio de Ferrol	Compositores centroeuropeos no exilio: dúos para clarinete e piano	Mariola Gil Genaro Fernández
Conferencia	Conservatorio de Ferrol	Estilos interpretativos e música de salón: a pervivencia da tradición	Xosé C. Gándara
Concerto	Conservatorio de Ferrol	Do Clasicismo ao Romanticismo en Centroeuropa: obras para trío de clarinete, viola e piano	Marta Sancho Javier Escobar Carmen Carreiras

■ **Ópera Aberta**

Retransmisión en directo de catro óperas desde o Gran Teatre del Liceu de Barcelona.

Cadro 132
Óperas retransmitidas en 2006

Obra	Autor
Wozzeck	Alban Berg
Otello	Verdi
Die Tote Stadt	Erich W. Korngold
Don Giovanni	Mozart

Cadro 133
Sesións complementarias en 2006

Conferenciante	Título
Carolina Queipo Gutiérrez	Entre a tradición e a vangarda: Wozzeck, de Alban Berg"
Antonio Vasco Pardavila	Otello... ou Iago?
Rosa María Fernández García	Soño e realidade nas óperas de Korngold
José Manuel Fraga García Armero	¡Cuán gritan esos malditos!
Elisa Moscoso	A voz e os seus rexistros

■ **Escola de Música**

- No curso pasado púxose en marcha, tanto na Coruña como en Ferrol, unha escola de iniciación para nenos e adultos, vinculados ou non á Universidade.
- As actividades formativas concluíron, tamén en xuño, con concertos da Escola de Música da UDC en Ferrol e na Coruña.

Cadro 134
Cursos da Escola de Música na Coruña en 2006

Iniciación á Linguaxe Musical para Nenos e Nenas	María Rivera Fraga
Iniciación á Linguaxe Musical para Instrumento	Janet Fernández López Carolina Queipo Gutiérrez
Iniciación ao Piano	Ana M. Veiga García
Seminario de Canto	M. ^a Teresa Bárbara Criado
Iniciación ao Violín	Víctor Cardoso Rada
Audicións comentadas	Carolina Queipo Gutiérrez

Cadro 135
Cursos da Escola de Música en Ferrol en 2006

Iniciación á Linguaxe Musical para Nenos e Nenas	Paz Leira García
Iniciación á Linguaxe Musical para Instrumento	Jesús Fernández-Pareja y Marín Paz Leira García
Iniciación ao Piano	Cayetana Pérez Rodríguez

► Aula de Teatro

A Aula de Teatro estrutúrase en tres áreas: formación, exhibición e produción. A actividade máis destacada é a celebración do FITEUC, Festival de Teatro Universitario da Coruña, que se desenvolveu, entre o 18 e o 26 de abril de 2006, no Fórum Metropolitano da Coruña. Alén das universidades galegas e da propia Aula de Teatro da UDC, estiveron presentes as de Jaén, Beira Interior (Portugal) TeatrUBI, Autónoma de Madrid, Zaragoza, Unisinos (Brasil) e Granada. Este ano incorporouse a música do brasileiro Paulo Gaiger.

- A área de formación desenvolveuse nos campus da Coruña e de Ferrol, en diferentes niveis que cubriron desde a interpretación, os cursos de voz para actores/actrices, a esgrima teatral e os contacontos, ata a maquillaxe e a caracterización teatral.
- A produción teatral deste ano foi a obra Himmelweg, de Juan Mayorga, dirixida por Pablo Rodríguez, que foi estreada o 9 de marzo de 2006 no Fórum Metropolitano da Coruña. Este espectáculo viaxou a diferentes festivais de teatro universitario.
- A principal novidade, dentro da oferta da aula, foi un curso de iniciación á danza contemporánea (40 horas lectivas), impartido por Ruth Balbís e David Loira, membros da compañía Pisando Ovos.

Cadro 136 Cursos de formación da Aula de Teatro en 2006

Campus	Curso	Horas	Profesor
A Coruña	Interpretación nivel 1º	40	José Paredes
A Coruña	Interpretación nivel 2º	80	Pablo Rodríguez
A Coruña	Voz para actores/actrices	20	Pablo Rodríguez
A Coruña	Esgrima teatral	20	Brais Fernández
A Coruña	Maquillaxe e caracterización teatral	20	Puri Pereira
Ferrol	Interpretación	40	Helga Méndez
A Coruña	Interpretación-iniciación	40	Monica Camaño
A Coruña	Interpretación nivel II	80	José Paredes
A Coruña	Voz para actores/actrices	20	Carlos Biscainho

► Oficina de Cursos e Congresos

A Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación publicou en febreiro a convocatoria de axudas da Universidade da Coruña para a organización de congresos, xornadas e ciclos de conferencias, correspondente ao ano 2006, por un total de 60.000 €.

Cadro 137
Axudas da UDC para congresos, ciclos, xornadas e simposios

Tipo de actividade	N.º de actos
Ciclos de conferencias	15
Congresos	13
Xornadas e simposios	43

Nota: non se inclúen as actividades subvencionadas por outras vicerreitorías nin as que recibiron axudas da Xunta de Galicia.

- En total, o número de reunións realizadas no ano 2006 na Universidade da Coruña, con inclusión de congresos e simposios nacionais e internacionais, xornadas científicas, reunións e seminarios de traballo, cursos e ciclos temáticos de conferencias, supera a cifra de 250. A esta cifra hai que engadirlle as conferencias impartidas por profesores invitados.
- A Oficina deu difusión aos actos mediante a páxina web <http://udc.es/occ> e a través dos envíos masivos de distinto material, ata un total de 160 axudas indirectas.
- O Consello de Goberno aprobou, o 14 de decembro de 2006, a Normativa de cursos de verán de 2007, que regulará e xestionará, por vez primeira entre nós, estas actividades comúns no conxunto das universidades.
- Realizáronse ademais os tradicionais cursos de verán desenvolvidos en colaboración coa Universidade Internacional Menéndez Pelayo (UIMP), que neste ano regresaron ao campus de Ferrol.

Cadro 138
Cursos de verán da UIMP-UDC en 2006. Actividades na Coruña

Seminario	Alzheimer: un reto de presente e futuro
Encontro	Metro lixeiro. Proxecto, construción e explotación
Encontro	Entre a palabra e a imaxe. Dobres lecturas
Encontro	O desenvolvemento rural hoxe
Seminario	Empresa, humanismo e xestión cultural (2ª Edición)
Seminario	Xestión e comunicación da responsabilidade social empresarial: claves para un desenvolvemento competitivo e sostible
Seminario	Cambio climático: reto e oportunidade do século XXI
Seminario	Xenética, dereitos e sociedade
Diploma Esp. Estudos Célticos	A literatura celta en España e Irlanda
Taller de creatividade	Cómic live
Encontro	Revolución de nación: liberalismo e resistencia do Antigo Réxime en España e América
Encontro	A organización territorial de Galicia e o papel das deputacións provinciais
Encontro	A construción naval e a enxeñería no século XXI (campus Ferrol)
Encontro	O desenvolvemento sostible e o territorio
Encontro	25 anos de Estatuto de Autonomía. Revisión histórica, avaliación e proxeccións
Encontro	O Medio Oriente

► Cátedra Jorge Juan

A Cátedra Jorge Juan, organizada conxuntamente pola Armada e pola Universidade da Coruña e xestionada pola Vicerreitoría de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, desenvolveu as seguintes actividades:

Cadro 139 Conferencias da Cátedra Jorge Juan en 2006

(Ciclo de conferencias baixo a dirección de Araceli Torres Miño, profesora da EU Politécnica)

Rosa Regás <i>Escritora. Directora da Biblioteca Nacional</i>	O pracer da lectura do Quixote
Manuel Toharia <i>Director do Museo das Ciencias Príncipe Felipe de Valencia</i>	Cambio climático: ¿Mito ou realidade?
Claudio Alsina <i>Catedrático de Matemática. Universidad Politécnica de Cataluña</i>	Sitúe os números na intelixencia do seu corazón. As oito competencias matemáticas para vivir mellor
Luis Delgado Bañón <i>Director do Museo Naval de Cartagena</i>	Unha saga mariñeira española
Pedro Duque <i>Astronauta da Axencia Europea do Espazo</i>	Ciencia en microgravidade
No mes de xuño produciuse o relevo anual na dirección da cátedra, que pasou a ocupar Adolfo Rey Seijo, xeneral de brigada médico.	
Miguel A. Fernández y Fernández <i>Almirante</i>	As guerras que nos veñen
Fermín Bouza Álvarez <i>Catedrático de Socioloxía. Universidad Complutense de Madrid</i>	A influencia dos medios de comunicación na opinión pública
Luis Rodríguez Míguez <i>Ex director xeral de Saúde Pública da Xunta de Galicia</i>	Saúde e termalismo

► Deportes

Durante 2006 participaron nas actividades deportivas máis de 4.000 membros da comunidade universitaria, o que supón aproximadamente unha quinta parte do total.

- As competicións internas contaron coa participación, tanto no campus da Coruña como no de Ferrol, de aproximadamente 3.600 membros da comunidade universitaria, integrados en 209 equipos.

Cadro 140
Equipos nas competicións internas

Deporte	Equipos
Baloncesto	28
Fútbol	31
Fútbol sala	128
Fútbol sala feminino	3
Voleibol	11
Rugbi	4
Balonmán	4
Total	209

- A liga de fútbol sala PDI-PAS contou cun total de seis equipos.
- No Trofeo Reitor, que xa vai pola oitava edición, participaron 92 equipos en 4 modalidades deportivas (baloncesto, fútbol 11, fútbol sala e voleibol). Isto supón a participación dun 44% dos equipos anotados nas ligas universitarias. O clásico Trofeo Marqués de La Ensenada celebrouse un ano máis no campus de Ferrol.
- Organizáronse cursos de adestrador de baloncesto, monitor de tempo libre, patrón de embarcacións de recreo e mergullador dunha estrela
- Dentro da sección das actividades na natureza, destacan, pola maior participación, as actividades de sendeirismo e rafting. A oferta inclúe tamén o pontismo, actividades de equitación, excursións, paintball, espeleoloxía etc. Todas estas actividades están abertas á participación de persoas non pertencentes á comunidade universitaria.
- A Universidade da Coruña está representada nos deportes federados en diferentes modalidades, como o voleibol, o rugby feminino ou o xadrez, con equipos propios, e en deportes como o fútbol e o rugby masculino, con equipos conveniados, como é o caso do Imperátor e o Sporting Universidade, no caso do fútbol, e do Crat e do Zalaeta, no do rugby.
- Nas vacacións de Semana Santa, a Área de Deportes organizou o VII Campus de Fútbol Mauro Silva, o cal tivo lugar nas instalacións da Facultade de Ciencias do Deporte (INEF), cunha participación de preto de 120 rapaces e rapazas vinculados á comunidade universitaria e con idades comprendidas entre os 7 e os 14 anos.

■ **Competicións externas**

Cómpre salientar a organización dos Campionatos Galegos Universitarios de Deportes Colectivos, que tivo lugar no mes de marzo con 400 inscritos. A UDC foi campiona en voleibol feminino e en fútbol sala masculino. Nos campionatos galegos de deportes individuais de atletismo, volei praia, carreiras de orientación e duatlón, contamos co esforzo de arredor de 40 participantes .

- Os gañadores nas diferentes modalidades deportivas participaron nos Campionatos de España Universitarios. Ata un total de 86 participantes foron desprazados ao longo de España en representación da UDC. Conseguiron cinco medallas: unha de ouro en atletismo (400 metros lisos femininos), unha de prata en tenis de mesa feminino e tres de bronce en judo, esgrima e fútbol sala masculinos.
- No ámbito internacional, cómpre salientar a presenza de 45 alumnos e tres delegados na XXI edición dos Xogos Galaico-Durienses organizados pola Universidade de Porto. Como en edicións anteriores, participamos as tres universidades galegas xunto coas tres universidades do norte de Portugal (Universidade de Trás os Montes e Alto Douro, Minho e Porto).

▶ **CampusRock 2006**

O CampusRock 2006 celebrouse o 27 de abril, con tres grupos herculinos (Pech Blenda, TAB e Meu) e un convidado foráneo, Spam, que foron amplificados a través de Radio 3. A Área de Cultura colaborou con Erasmus Coruña e co Concello da Coruña para a organización do Erasmus Sound Festival 2006, que se celebrou o 10 de novembro no Coliseum (IMCE) da Coruña, cos grupos Heissel (Galicia), Pony Pony Run Run (Francia), Soarday (Suecia), La Mygale (Francia) e Revolujion (Galicia).

▶ **Obradoiros e rotas culturais**

Os obradoiros e rotas son actividades complementarias de grande demanda entre a comunidade universitaria, mesmo con forte participación de estudantes Erasmus. Este ano a oferta cubriu audicións comentadas de rock, técnicas de relaxación, ioga, risoterapia, fotografía artística, técnicas de voz e trucos para falar en público, danza do ventre e bailes caribeños.

▶ **Exposicións**

A exposición *Imaxes para a Dignidade* estivo no Pavillón de Estudantes (LERD), do Campus de Elviña, entre o 28 de setembro e o 6 de novembro. Participaron ata trinta e oito fotógrafos da importancia internacional de Sebastião Salgado, Cristina García Rodero, Christine Spengler, Dario Mitidieri ou Kim Manresa.